

Familia léxica

A **familia léxica** é o conxunto de palabras que partillan un mesmo morfema radical ou lexema e que, por tanto, teñen certa relación de significado.

Cando as palabras presentan o mesmo radical, conforman unha **familia léxica regular**. Porén, se as palabras posúen máis dun radical, estamos perante unha **familia léxica irregular**.

Familia léxica regular

	casal
Casa	casar
	caseiro/a

Familia léxica irregular

	leiteiro/a	lácteo/a
Leite	leitaría	lactancia
	leitón	lactante

Actividades

1. Observa as seguintes palabras e explica se constitúen unha familia léxica ou un campo semántico.

floraría ♦ libraría ♦ peixaría ♦ tinturaría ♦ pastelaría

2. Agrupa estes vocábulos segundo a súa familia léxica e separa o radical dos prefixos e dos sufixos en cada un deles.

campá	camiñante	camiñada	campo	acampar	campaniforme
campanario	camiño	campamento	camposanto	encamiñar	campaneiro

3. Liga cada elemento da columna esquerda cunha serie da columna dereita e completa as familias léxicas.

area	apaixonarse
dor	celestial
caderno	intravenosa
ceo	areeiro
paixón	encadernación
vea	doloroso

4. Escribe as familias léxicas dos seguintes termos. Son familias regulares ou irregulares?

abella ♦ auga ♦ pedra ♦ persoa

5. Completa estes enunciados con termos da familia léxica de *alimento*, *cidade*, *nube*, *sabor* e *semana*.

- Está a se converter nun cociñeiro excelente; os seus pratos cada vez son máis.....
- Vas baixar ao quiosco? Quería que me trouxeses o..... de moda que merco sempre.
- Na semana pasada creouse unha plataforma para defender os nosos dereitos.
- Neste ano baixaron moito as subvencións destinadas ás industrias do sector.....
- O día está bastante Penso que acabará por chover.

6. Encontra nesta sopa de letras dez palavras pertencentes á familia léxica de **pai**.

L	A	N	R	E	T	A	P	S	X	Q	Z	B	P	T	O	O
C	L	U	G	E	D	G	O	E	J	N	Z	A	A	Z	Ñ	H
E	E	R	Y	I	S	L	B	D	C	J	B	U	T	D	I	L
J	E	A	O	T	N	F	X	A	D	C	C	D	R	R	R	Y
B	E	Y	T	S	C	C	J	N	P	V	A	F	I	H	D	D
Q	R	I	S	X	H	B	V	I	Z	A	B	H	M	P	A	L
P	D	V	A	Y	G	C	O	N	F	H	D	W	O	X	P	F
W	A	A	R	L	B	U	T	R	U	S	C	R	N	W	L	E
H	P	V	D	X	Y	Q	W	E	K	D	N	R	I	K	W	P
C	M	P	A	O	N	R	E	T	A	P	B	B	O	Ñ	Y	Y
M	O	F	P	W	K	Z	P	A	T	R	I	A	R	C	A	L
H	C	P	Z	N	O	s	O	P	A	I	P	Z	E	Q	U	R